# R1

## LITORAL DA BIODIVERSIDADE

**Percorrido:** Parque da Rúa (Miño) > Porto de Miño > Praia da Ribeira > Senda dos Sentidos > Praia da Alameda (dunas, marismas e pasarelas) > A Ponte do Porco > Parque da Rúa (Miño).

**Lonxitude ida e volta:** 6,40 km. consultar enlace con R2 Beiras do Lambre e Muíños do río Medio.

**Tipo:** Lineal (3,20 km ida).

**Dificultade:** Baixa

**Duración estimada ida e volta:** 1 hora e 45 minutos

**Saímos do Parque da Rúa (km 0) e baixamos a Estrada da Praia ata as grandes letras brancas de Miño onde xiramos á esquerda cara ao porto deportivo. No parque infantil vemos o cartel da ruta e seguimos o paseo marítimo da Praia da Ribeira.**
Este areal dispón dunha ampla zona intermareal que atrae as aves acuáticas. É frecuentado por garzas, corvos mariños e aves de paso como nos explica o seu panel.



**No final do paseo viramos á esquerda ata o sinal da Senda dos Sentidos**, Zona de Especial Conservación **ZEC Betanzos - Mandeo dentro da Rede Natura 2000**. O panel da ruta expón os puntos de interese. Serpenteamos pola orografía entre túneles de abruños e escambróns que acubillan os paxaros e escoitamos as cantaruxadas dos chascos e carrizas. O recendo dos loureiros mistúrase co do mar. Que marabilla as vistas dende os **miradoiros** de Ondalonga, do Salgueiro, dos Loureiros, do Carballo e da Punta do Gafo.




**Baixamos ata o areal por uns chanzos. Cruzamos a Praia da Alameda.** Xuncos e espadanas medran perto do **sistema dunar**. Nas **pasarelas** achamos un **eucalipto xigante**, perfecto para abrazar a natureza. Os **paneis** indícannos a importancia medioambiental desta contorna.

**Chegamos** á Ponte do Porco (3,4 km), co **Monumento aos Andrade** e ao porco bravo, emblema desta familia feudal vinculada á lenda de **Tareixa e Roxín Roxal** que se detalla **nos paneis**. O nome da **Ponte do Porco** ten a súa orixe na cabeza do xabaril que amosa a súa ponte vella. As **Marismas do Lambre** abastecen de alimento ás aves limícolas: correlimos, mazaricos... O Lambre moldea o **esteiro** e convértео nun rincón con feitizo.

**Dende A Ponte do Porco volvemos sobre as nosas pegadas ou enlazamos coa ruta R2 Beiras do Lambre e Muíños do río Medio.**



# R2

## BEIRAS DO RÍO LAMBRE E MUÍÑOS DO RÍO MEDIO

**Percorrido:** Ponte do Porco > Estrada do Lambre CP-4804 > Ruta dos Muíños do río Medio > Ponte do Porco

**Lonxitude ida e volta:** 14 km.

**Tipo:** Lineal (7 km ida).

**Dificultade:** Media - Alta

**Duración estimada ida e volta:** 3 horas e 15 minutos



**Para chegar á Ponte do Porco en coche seguimos as indicacións da N-VI saíndo dende Miño e se imos a pé continuamos as referencias da ruta R1 ou do Camiño Inglés.**

**A Ponte do Porco** (Km 0) está situada na **desembocadura do río Lambre**. Reza a lenda que aquí degolou **Roxín Roxal** ao xabaril que matou á súa amada Tareixa. No centro da praza observamos o **Monumento aos Andrade** en honra a Fernán Pérez de Andrade, O Boo. Un **panel** amósanos o máis salientable da historia do lugar. Achámonos na Zona de Especial Conservación **ZEC Betanzos - Mandeo**, dentro da **Rede Natura 2000**. A contorna **das dunas e das marismas do Lambre** son visitadas por unha fauna variada entre a que destacamos o ostreiro ou a londra como se amosa nos **paneis** explicativos.

**Deixamos A Ponte do Porco e iniciamos As Beiras do Lambre, a parte máis doada da ruta. Cruzamos por debaixo da estrada Ferrol – Coruña e collemos pola estrada CP- 4804 que discorre paralela ao río**, está ben asfaltada e forma túneles de árbores que farán que os teus ollos queden abraiados. **Acompañamos ao Camiño de Santiago ata o cruce coa Ponte do Lambre (1,5 km ), onde o despedimos e continuamos pola estrada seguindo as indicacións.**

**O Camiño Inglés de Santiago** iníciase nos portos do norte da provincia da Coruña cara a Compostela. Miño atópase no quilómetro 80 dos 122 km que compoñen a vertente que parte de Ferrol.

**A segunda parte da ruta, algo máis empinada**, é a **dos Muíños do río Medio que comeza á esquerda da estrada, na minicentral de Goimil (6 km), onde un panel describe o seu itinerario**. É algo máis esixente polas súas pendentes e o seu chan irregular. Segundo entramos no seu **bosque de ribeira** xa atopamos **os muíños**: o da Graña, o de Albeiro, o de Amado e o de Miño. A contorna resulta espectacular: pedras con liques e fentos, meandros e fervenzas... Estes muíños eran de propiedade comunitaria e de uso por quendas. Cando os observamos podemos imaxinar aquelas duras xornadas de moenda onde a música e a diversión creaban momentos inesquecibles despois das seituras.




**Acabamos a ruta na Capela de Guadalupe, co cruceiro e a fonte de Augas Santas,** onde os romeiros conxuraban a envexa e o mal de ollo. Un **panel** describe a flora e fauna.

**Dende aquí retornamos á Ponte do Porco.**

# R3

## DUNAS E MARISMAS DO BAXOI

**Percorrido:** Parque da Rúa (Miño) > Praia Grande (Paseo, dunas e Marisma) > Senda das Marismas do Baxoi > Ponte Baxoi > Camiño Inglés > Parque da Rúa (Miño)

**Lonxitude ida e volta:** 7 km.

**Tipo:** Circular.

**Dificultade:** Media.

**Duración estimada ida e volta:** 1 hora e 45 minutos

**Partimos do Parque da Rúa (Km 0) e baixamos cara a Praia Grande de Miño. Percorremos a Praia Grande entre dunas e marismas, ata cruzar a ponte sobre o río Baxoi (2.2 km.).** O **sistema dunar** discorre paralelo á costa e está declarado hábitat de interese comunitario de Europa pola súa biodiversidade e valor xeomorfolóxico. Nel medra o barrón ou carrizo, que fixa o chan e soporta fortes ventos e alta salinidade. Esta contorna é visitada por corvos mariños, gaivotas variadas e garzas.



**Xusto despois da ponte da estrada viramos á dereita dirección Bañobre ata atopar os sinais co desvío á Senda das Marismas do Baxoi (3 km.), anunciada cun cartel na entrada, perto dos piares da autoestrada.** Adentrámonos nunha zona de meandros cheos de xuncos e fondos limosos que mesturan a auga doce coa salgada, alimentando a grupos de aves como anátidos e limícolas. Desde os bancos gozamos da fermosura desta paisaxe. **Cruzamos unha pasarela de 150 m. para sortear a zona asolagada.**






**A senda desemboca na estrada DP-4801 (4.1 km.) onde viramos a dereita. Camiñamos 200 m. ata a área de descanso de Ponte Baxoi, no Camiño Inglés.** Miño ten o privilexio de pertencer ao **Camiño Inglés de Santiago de Compostela**, situándose no quilómetro 80 dos 122 desta vertente que parte do peirao de Ferrol.

Neste trazado atópase a **Ponte Medieval do río Baxoi**, unha das sete pontes mandadas construir por Fernán Pérez de Andrade, O Boo. Ofrece aos camiñantes unha **área de descanso cunha fonte**, resultando un lugar con feitizo onde recuperar folgos para o camiño.

**Desde a Ponte Medieval do río Baxoi seguimos o Camiño Ingles ata Miño e continuamos as indicacións cara á oficina de turismo, a carón do Parque da Rúa.**



# R4

## RIBEIRAS DO XARÍO E BAXOI UNIDAS POLO CAMIÑO INGLÉS

**Percorrido:** Parque da Rúa (Miño) > Praia Grande > Fraga do Xarío > Senda dos Muíños do Xarío > Camiño Inglés > Ponte Baxoi > Senda das Marismas do Baxoi > Praia Grande > Parque da Rúa (Miño)

**Lonxitude ida e volta:** 9 km.

**Tipo:** Circular.

**Dificultade:** Media - Alta

**Duración estimada ida e volta:** 2 horas e 15 minutos.



**Saímos do Parque da rúa (km 0), baixamos pola Estrada da Praia ata a Praia Grande de Miño, pasando pola ponte da desembocadura do río Baxoi** e as súas fermosas vistas sobre o **complexo dunar** protexido como hábitat de interese comunitario de Europa. **Cruzamos a estrada cando atopemos á dereita o sinal da entrada á Fraga do Xarío (2.5 km.).**

O **río Xarío** desemboca no tramo final das **Marismas do río Baxoi**, que forman un **esteiro** de grande valor natural. Adentrámonos na **Fraga do Xarío** atravesando pontellas e chanzos. Bidueiros, abeleiras e loureiros encandean a paisaxe. Toma aire e escoita os paxaros cantareiros: paporrubios, pegas marzas... Liques, carrizas e cogomelos asoman por todos os recunchos. A vella estrutura da **Casa Grande de Ginés**, antigo muíño-vivenda, reflicte as pegadas do pasado

**A frecha condúcenos á boca do túnel do ferrocarril, que cruzamos para chegar Á Senda dos Muíños da Fraga do Xarío (2.9 km.)**. Unha senda de dous quilómetros que percorre cinco testemuñas do tempo adormecidas á beira do río: o muíño de Allegue, que conserva parte da traída de augas, o de Bedoya - Anido, o de Anido, o do Mixareio e o de Fraga. Todos eles eran de propiedade comunal e uso por quendas.






**A Senda dos Muíños remata á altura da ponte sobre a autoestrada AP-9 (5.2 km.), no Camiño Inglés a Santiago**, ao que Miño ten o privilexio de pertencer. **Visitamos o núcleo de Viadeiro e chegamos a Ponte Baxoi (8.4 km.),** a ponte medieval sobre o río Baxoi que data do século XIV e dispón dunha á**rea de descanso con fonte** onde coller folgos. **Deixamos o Camiño Inglés de Santiago para seguir cara á Bañobre ata ver sinalizada a entrada da Senda das Marismas do Baxoi (8.5 km).** Gozamos da paisaxe do **bosque de ribeira** sentándonos nos seus bancos. As canles fluviais asolagadas coa marea acubillan un gran número de aves.

**Rematamos a ruta das Marismas do Baxoi nas inmediacións dos piares da autoestrada (9.2 km). Descendemos 850 m ata desembocar na Praia Grande para volver ao punto de partida.**

# R5

## LITORAL DAS CINCO PRAIAS

**Percorrido:** Parque da Rúa (Miño) > Praia da Ribeira > Praia Grande (Paseo, dunas e marismas) > Praia de Lago > Praia de Marín > Praia de Perbes- Andahío > Parque da Rúa (Miño)

**Lonxitude ida e volta:** 9,6 km.

**Tipo:** Lineal (4,8 km. ida).

**Dificultade:** Baixa.

**Duración estimada ida e volta:** 2horas

Miño é privilexiado pola forza da súa natureza, salientada polo litoral, as praias e os numerosos ríos dos que gozaremos neste tramo. A costa miñense conta con **seis areais: A Alameda, A Ribeira, Praia Grande, Lago, Marín e Perbes-Andahío. Nesta ruta percorremos cinco delas.**

**Comezamos a ruta no Parque da Rúa (km 0), e baixamos pola Estrada da Praia,** onde gozaremos do **mirador** sobre a **Praia da Ribeira**, un fermoso punto para sacar unha instantánea. **Continuamos pola Praia Grande, percorrendo o areal ata a desembocadura do río Baxoi (2.2 km.).**



**A Praia Grande de Miño** con 1,4 km ten un **cordón dunar** que discorre paralelo á costa, protexido como hábitat de interese comunitario de Europa. Entre a súa vexetación atopamos o barrón, unha planta que fixa o chan, de grande adaptación ao salitre e ao vento.

**Dende o paseo da Praia Grande chegamos á ponte sobre a desembocadura do río Baxoi (2.2 km).** No **esteiro** de Bañobre os **ríos Baxoi, Xarío e Grande** achegan sedimentos ao **sistema dunar** e alimentan as marismas.



**As Marismas do río Baxoi** pertencen á zona núcleo da **Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo.** Os fondos das súas canles son un imán para as aves como as limícolas e anátidas.

**Continuamos pola estrada ata a Praia de Lago (2.9 km.)**, un areal rodeado de árbores, que coa preamar se transforma nunha cala ben coqueta. **Pasamos a praia de Marín (4.2 km.)**, coa vexetación envolvendo a súa area e un **miradoiro** desde onde impregnarse das estupendas vistas sobre a **ría de Ares e Betanzos**, en pleno **Golfo Ártabro**. **Marchamos cara á quinta praia da nosa ruta, a Praia de Perbes – Andahío (4.8 km)** co simpático abalo das embarcacións nos seus amarres. Este areal é o máis próximo ás **Illas do Carbón**, que decoran o amplo horizonte e adornan os solpores miñenses.

**Dende perbes voltamos a Miño, ao Parque da Rúa, o noso punto de partida.**



www.turismodemiño.com

Rede de sendas do
Concello de Miño

# MOITO QUE CAMIÑAR















+ info na sección de sendeirismo da páxina de Turismo de Miño:
www.turismodemiño.com

MOITO QUE CAMIÑAR
Miño

- R1 LITORAL DA BIODIVERSIDADE
- R2 BEIRAS DO RÍO LAMBRE E MUÍÑOS DO RÍO MEDIO
- R3 DUNAS E MARISMA DO BAXOI
- R4 RIBEIRAS DO XARÍO E BAXOI UNIDAS POLO CAMIÑO INGLÉS
- R5 LITORAL DAS CINCO PRAIAS

SEGUE AS RUTAS
wikiloc

+ info na sección de sendeirismo da páxina de Turismo de Miño:
www.turismodemiño.com

@minoturismo
Turismo de Miño (A Coruña)

Concello de Miño
MIÑO Concello de Benfacer
EN CAMIÑO
Deputación DA CORUÑA
VIRA ESTUDIO